



A reclasificación das prazas de enfermeira/o especialista

non pode seguir agardando indefinidamente.

O Servizo Galego de Saúde leva máis de 10 anos agardando para reclasificar

as prazas de enfermeira especialista.

No ano **2007** creouse a categoría de **enfermeira/o especialista de saúde mental**. No ano 2016 publicouse o decreto 81/2016 polo que se crea no Servizo Galego de Saúde a categoría de enfermeira/o especialista, co obxectivo de incorporación do persoal na especialidade correspondente, con pleno recoñecemento normativo e profesional.

Así mesmo, a disposición transitoria do devandito decreto recolle un **procedemento específico de acceso polo sistema de concurso**

Este procedemento específico consiste na **reclasificación do persoal fixo que esta en posesión do título de especialista**, con servizos prestados nas correspondentes especialidades.

Unha vez publicado o decreto, maio de 2016, o SERGAS convocou a **comisión técnica** para negociar o procedemento de **curso específico**, e proceder á **reclasificación das/os traballadoras/es fixas/os que estean en posesión do título de especialista: saúde mental, traballo e pediatría**.

Convocaron unha soa reunión desta comisión técnica, e agora **o SERGAS non sabe ou non contesta**, de cando imos ter outra reunión desta comisión técnica para dar cumprimento ao decreto 81/2016 de creación da categoría de enfermeira/o especialista do SERGAS.

CIG-SAÚDE esixe a **convocatoria inmediata** desta comisión técnica, e que **no 3º trimestre deste ano (2017)** estea **publicado o procedemento** de curso, e **rematado o proceso de reclasificación** das prazas de enfermeira/o especialista.

A **reclasificación das/os enfermeiras/os especialistas, persoal fixo do SERGAS**, non pode ser un texto máis recollido nun decreto da Consellaría de Sanidade.
O SERGAS ten a obriga de facer o recoñecemento profesional que a súa propia lexislación lle reconece a este colectivo.

A reclasificación das/os enfermeiras/os especialistas debe

ser unha realidade no ano 2017.

Esiximos a inmediata convocatoria da comisión técnica das especialidades.